

MARÍA VICTORIA MORENO



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO DE 2018

MARÍA VICTORIA MORENO



LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2018



SeminarioGalicia.org



MARÍA VICTORIA MORENO


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ

MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ É A ESCRITORA Á QUE A REAL ACADEMIA GALEGA ADICA ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FOI PROFESORA DE ENSINO SECUNDARIO E A SÚA OBRA ESTIVO DIRIXIDA, MAIORITARIAMENTE, AO PÚBLICO INFANTIL E XUVENIL.

1



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018




MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



MARÍA VICTORIA NACEU O 1 DE MAIO DE 1939 NA LOCALIDADE CACEREÑA DE VALENCIA DE ALCÁNTARA. VICENTE, O SEU PAI, ERA MILITAR; A SÚA NAI, SARA, MESTRA DE PRIMARIA. A SÚA INFANCIA PASOUNA ENTRE BADAXOZ, SEPÚLVEDA E BARCELONA.



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018


MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



FIXO O BACHARELATO EN BARCELONA, ONDE APRENDEU A FALAR CATALÁN E FRANCÉS. EN 1958 ESTUDOU FILOLOXÍA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID E ALÍ COÑECEU A LUÍS LLÁCER, CO QUE CASARÍA E IRÍA VIVIR, EN 1963, A PONTEVEDRA.

3



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018

MARÍA VICTORIA MORENO




GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN 1965, MARÍA VICTORIA ENTROU A TRABALLAR COMO PROFESORA DE INSTITUTO, PRIMEIRO EN LUGO, DESPOIS EN VILALONGA E FINALMENTE EN PONTEVEDRA, ONDE TRABALLOU EN DOUS INSTITUTOS: O «VALLE INCLÁN» E O «TORRENTE BALLESTER».

4



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018


MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



MARÍA VICTORIA FALABA UNHA CHEA DE IDIOMAS: CATALÁN, PORTUGUÉS, FRANCÉS, CASTELÁN... PERO AO CHEGAR A GALICIA E COÑECERA NOSA LITERATURA E O NOSO IDIOMA DECIDIU FALAR EN GALEGO E DEFENDER O SEU USO, CANDO AÍNDA NON SE PODÍA ENSINAR NAS AULAS.

5



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018




MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



A DEFENSA DO IDIOMA GALEGO LEVA A MARÍA VICTORIA A USALO NO INSTITUTO NAS SÚAS CLASES DE LITERATURA ESPAÑOLA E A DAR CURSOS DE GALEGO PARA ADULTOS. EN 1974, COMO REPRESALIA POR ESTAS CLASES, FOILLE RETIRADO O SEU PASAPORTE.

6




SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018


MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com

7



EN 1975, EDICIÓNS DO CASTRO PÚBLICALLE «MAR ADIANTE» O SEU PRIMEIRO LIBRO EN GALEGO. ESTA PRIMEIRA EDICIÓN ESTABA ILUSTRADA POLA PROPIA MARÍA VICTORIA. ESTE LIBRO CONVERTEUNA NUNHA DAS GRANDES AUTORAS DA LITERATURA INFANTIL GALEGA.



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS 2018



-Se mañá non sabedes a táboa do sete, ides todos ao mar cos libros amarrados ao pescozo. Comeránvos as gaivotas e os peixes.

Miguel coidou que o señor mestre non os botaría ao mar e sabía de certo que as gaivotas e os peixes non comerían aos nenos. Nembargantes sentiu unha gran mágoa no seu corazón. Entón dixo:

-Vou facer un barquiño branco coma unha gaivota, guímaro coma un peixe. Vóullelo dar aos nenos para que non choren na escola, para que saiban que as gaivotas non comen nenos e máis para que aprendan que o mar é o máis fermoso do mundo.



María V. Moreno

«MAR ADIANTE» CONTA A HISTORIA DUNHA MESTRA QUE PON ESCOLA NUN BARCO, O «ARROÁS», NO QUE SE EMBARCAN ONCE RAPACES E RAPAZAS DA VILA DE PORTOSOURIL, XUNTO CON MIGUEL, O MARIÑEIRO; XOSÉ LOIS, O CAPITÁN E LOLA, A COCIÑEIRA.


MARÍA VICTORIA MORENO



GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN 1975 GAÑOU O 1º PREMIO DO CONCURSO NACIONAL DE CONTOS INFANTÍS DA SOCIEDADE «O FACHO», DE A CORUÑA, CO SEU CONTO «O CATAVENTOS». FOI PUBLICADO NO ANO 1989 CON ILUSTRACIÓNS DE CARMEN PERIS.



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018



O certo é que alí tes a don Pío encumeado e aterecido. Rolando contra gusto. Facendo de cataventos.

E xa ninguén para mentes nel. Soamente don Xosé, o señor abade, sabe o que lle pasa. Sábeo porque ten o costume de rezar no adro e xa está afeito a que lle caian as súas bágoas. Na cabeza, na sotana, nas mans... mesmo no libriño mouro das súas oracións.

Don Xosé, que é moi bo, bótalle unha miradiña amiga:

-¿Tes frío?


Pero o cataventos é de ferro.

-¿Tes sede?

Pero o cataventos non ten gorxa.

-¿Estás só?

Pero o cataventos non ten corazón.



María V Moreno

«O CATAVENTOS» CONTA A HISTORIA DE DON PÍO, UN GALO MOI FACHENDOSO, QUE NON PERMITE VIVIR EN LIBERDADE NIN AOS PAXARIÑOS NIN ÁS GALIÑAS.


A ENVEXA E A AMBICIÓN DE DON PÍO ACABARÁ LEVÁNDOO Á SOIDADE MÁIS ABSOLUTA.

MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



CO SEU LIBRO «LEONARDO E OS FONTANEIROS» ACADOU O 3º PREMIO DO CONCURSO DE LITERATURA INFANTIL «O BARCO DE VAPOR», NO ANO 1985. ESTE LIBRO CONSIDERÁBAO MARÍA VICTORIA COMO O SEU PREFERIDO.



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018




Leonardo, que che fixeron? Quen foi? Que fixeches para que mallasen en ti desta maneira?

Deixeite onte precioso e ledo, coa pel brillante e os ollos guímaros, e véxote agora ferido e murcho. Fixéronte vello da noite á mañá, a paos, e eu non estiven para acorrerte. Antes quería eu verme así, e non verte a ti, que nunca soubeches defenderte, que non tes quen mire por ti, meu canciño.

Dóече moito?

Tamén cómpre ter mal corazón para racharlle así a pel a un animal inocente, que non ten outro vestido para toda a súa vida. Hai que ter moita crueldade para asañarse así cun pobre can que vive ao raso e come de esmola. Tíñanse que ver eles coxos e feridos nestes días invernízos en que o corpo doe só coa friaxe.

María V. Moreno



ANTÓN E O SEU CAN DE PALLEIRO LEONARDO SON OS PROTAGONISTAS DUNHAS HISTORIAS NAS QUE ANTÓN NOS VAI CONTANDO AS FALCATRUADAS QUE FAN EL E OS SEUS COMPAÑEIROS DA CLASE, O GRUPO COÑECIDO COMO OS FONTANEIROS.


MARÍA VICTORIA MORENO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com

13



DENDE 1986 A 2001 PUBLICA UNHA CHEA DE LIBROS EN IDIOMA GALEGO: «LEONARDO E OS FONTANEIROS», «VERSO E PROSA», «¿UN CACHIÑO DE BICA?», «¿E HABERÁ TIRÓN DE ORELLAS?», «A BRÉTEMA», «GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO», «DIARIO DA LUZ E A SOMBRA»...




SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2018



A min isto de ir en coche préstame, aínda que dunha maneira moi especial. Ou sexa, que me pon triste e ao mesmo tempo faime sentir unha cousa por dentro que me deixa moi en paz. É coma se o tempo fose máis á présa, ou como se cada minuto vivido fose máis intenso. Vaise pasando por moitos sitios, sempre cara adiante, e, á par, vaise recuando por un camiño de lembranzas. Pasas pola praia da Breixa e nese visto e non visto atópaste coa cativa, saíndo da auga coma unha raíña, coa pel dourada e os cabelos loiros enchoupados. Leva o seu flotador azul e branco e vai aboiando na espuma, co seu cu redondo ao recacho, ofrecéndollelo ás ondas para que a boten fóra do mar.



María V. Moreno

EN 1988 MARÍA VICTORIA FOI NOMEADA DIRECTORA DA COLECCIÓN ÁRBORE, DA EDITORIAL GALAXIA. ESE MESMO ANO PUBLICA «ANAGNÓRISE», CONSIDERADO O SEU MELLOR LIBRO E QUE SE CONVERTEU NUN CLÁSICO DA LITERATURA XUVENIL GALEGA.

MARÍA VICTORIA MORENO

15



GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



NO VERÁN DE 2001, CANDO XA ESTABA ENFERMA, FOI HOMENAXEADA POR LIBREIROS E LIBREIRAS NA FEIRA DO LIBRO DE PONTEVEDRA, RECOÑECENDO ASÍ O SEU LABOR COMO ESCRITORA E DEFENSORA DO IDIOMA GALEGO E DA SÚA LITERATURA.



Chamáronlle Nicolau un día de primavera cando chegou a esta vida aquel nobelo de seda.

Era un canciño moi feito de capa brillante e negra, doces oliños de mel e bondadosas orellas que daban á súa cariña unha traza viva e tenra.



Foi recibido por todos con aloumiños e festas porque, amais de ser bonito, tiña moi boas maneiras: era limpo, garimoso, moi amable con calquera, tan ledo coma un axóuxere e tiña unhas ocorrencias que facían rir á xente por máis triste que estivera.

María V. Moreno

«EU CONTO, TI CANTAS...» REÚNE TRES CONTOS DE ANIMAIS ESCRITOS EN VERSO: «XA NON TEÑO MEDO», «CAN BRANCO, CAN NEGRO» E «¿UN CACHIÑO DE BICA?». TEÑEN COMO PROTAGONISTAS A XAN E A TRES CANCIÑOS: NICOLAU, CORRECAMIÑOS E NICA.


MARÍA VICTORIA MORENO

17

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



«EU CONTO, TI CANTAS...», EDITADO EN 2005, É O ÚLTIMO LIBRO QUE MARÍA VICTORIA VIU PUBLICADO EN VIDA. FINOU NA CIDADE DE PONTEVEDRA O 22 DE NOVEMBRO DESE MESMO ANO, Á IDADE DE 66 ANOS.



Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS 2018